



cuadernos

ateneo ferrolián

año 11

número 1

otoño 1981


FZ
29
EO/
tar

R 11.343



...O "fardel do esiliado" é unha obra do poeta-pintor-muralista, feita de sudor e desespranza. "Galicia é o home que marcha, que emigra", dixo o propio Luis Seoane. A ese home que marcha xoven e volta desfeito pola dor e pola soedade, a esa Galicia que traballa e sofre alén do mar, adícalle o poeta as súas inquedanzas, a súa solidaridade... istes versos.

lembrando a
luis seoane



ateneo ferrolán



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura


Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

www.ateneoferrolan.org

fardel
do esiliado

luis seoane



**fardel
do esiliado**

cuadernos ATENEO
FERROL 1981

DIRECTOR:
XOSÉ PONTE FAR

EDITA: ATENEO FERROLÁN
Apartado 303 - FERROL

PORTADA: XOAN X. BRAXE

DEPOSITO LEGAL: C - 1121/81

I.S.B.N. 84 - 600 - 2382 - 6

IMPRIME: LÓPEZ TORRE
Real, 4 - Telf 430057
PONTEDEUME (CORUÑA)

ILUSTRACIONES: LUIS SEOANE
ISAAC DIAZ
LUIS CARUNCHO
XOSE DIAZ
ACISLO MANZANO
XOAN X. BRAXE



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

presentación

Na tarefa de protección e extensión da Cultura, que a Diputación ven realizando no marco que acada a súa actividade, atopámonos a cotío co Libro e coa súa circunstancia: o de autor novel ou descoñecido, o de autor consagrado, o do que por diversas razóns non anda agora nas bocas do mundo, o libro que foi editado noutro tempo ou noutro país, o que versa sobre de temas novos, transcendentales e entrañables e que, por iso, non pode chegar a grandes tiradas que o fagan rentable comercialmente. E atopámonos tamén co libro en conxunto, elemento esencial das Bibliotecas Públicas, eses admirables núcleos culturais, creación na que estamos empeñados e proliferación que esperamos potenciar con todo entusiasmo astra sementalas nos nosos núcleos de poboación, tan aillados xeográficamente e tan necesitados de contacto co mundo, pra que a vida neles cobre ou recobre un punto de comunicación absolutamente necesario.

A todo isto vimos prestando a atención posible, e todo na múltiple dimensión na que esta clase de axuda se presenta: editando libros —mais dunha decena saíron da nosa Escola Tipográfica Provincial nos últimos tempos— apoiando e subvencionando outras edicións, adquirindo lotes pra súa distribución ós Centros de Cultura, públicos ou particulares.

E así como agora coincidimos co Ateneo Ferrolán, entidade que aborda a fermosa empresa de reimprimir desinteresadamente este libro, FARDEL DE ESILIADO, do egrexio poeta, dibuxante, pintor e soñador que foi Luis Seoane, de quen permanece delicada memoria no espírito do país. E poido decir que poucas cousas haberá mais gratas que esta colaboración; polo libro mes-

mo que eu abro emocionado con estas líneas, pola personalidade e sona do autor, tan perto e tan lonxe, e especialmente pola ocasión tan xentilmente proporcionada polo Ateneo, de cooperar na fermosísima empresa de contribuír así ó enriquecemento de Galicia e dos seus homes.

E non é só o Ateneo Ferrolán o que se achega a nós con esta finalidade. Podo dicir —e desde a miña posición de hoxe fólgome diso— que son ducias e ducias as entidades culturais, en todo o ámbito territorial e ideolóxico da nosa provincia, a través das que procuramos que se verta a acción da Corporación Provincial nesta singular parcela da súa actividade. Porque ningunha outra cousa nos parecerá mais digna nin tampouco mais eficaz no horizonte da millora do país e dos seus homes, ó que contribuímos con fe, con decidida entrega.

A miña gratitude, polo tanto, ó Ateneo pola reedición deste belsísimo fardel de versos; o meu parabén pola cuidada presentación, e a miña esperanza de que continúe traballando no ben da cultura da cidade que lle dá nome e na que ten asento; non ha de lle faltar, se segue a mirar tan alto, o noso aplauso e noso apoio.

Enrique Marfany Oanes
Presidente da Diputación Provincial



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



Atenco Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

www.atencoferrolan.org

Faint, illegible text at the top of the right page, possibly bleed-through from the reverse side.

Faint, illegible text in the middle section of the right page, possibly bleed-through from the reverse side.

limiar

Faint, illegible text in the bottom section of the right page, possibly bleed-through from the reverse side.

A crítica tentou desde sempre suliña-lo carácter diferencial da literatura galega con obxecto de darlle unha identidade propia. Díxose, e é certo, que desde la época medieval até os nosos días é constante nas nosas producións literarias a presenza dun espírito crítico e satírico, dunha sensibilidade saudosa, do mundo do misterio e dunhas formas peculiares impostas por unha lingua diferenciada de seu.

Estas notas nacen indudablemente do carácter popular desta literatura, da consideración da paixase como medio de expresión persoal, da loita polos dereitos dun pobo distinto. E son estas manifestacións as que non se atopan coa mesma intensidade e constancia no resto das literaturas hispánicas e universais.

Pró é igualmente certo que os literatos galegos conectan, e en moitas ocasións adiantan, correntes ideolóxicas e estéticas das épocas nas que viven. E decir, teñen unha dimensión universal, dan unha resposta consonante ó curso da historia.

Así na lírica medieval a carón das cantigas de amigo e escarnio —formas autóctonas— danse as formas románicas do trovadorismo. No Rexurdimento relaciónase a nosa literatura cos movementos nacionalistas doutras nacionalidades ó tempo que se adiantan as expresións existencialistas e sociais —Rosalía, Curros—. A principios de século os nosos escritores non son alleos ás correntes modernistas —Noriega, Cabanillas— ou Novecentistas co seu europeísmo —Risco, Pedrayo— (O fenómeno de 98 é un problema da España centralista e colonial). As xeracións seguintes podemos ofrecer tamén os nosos correlatos: existen vanguardistas galegos —Manoel Antón, Amado Carballo— e á xeración do 27 podemos axuntar a xeración galega do 25 (a outra tamén llámóuse así).

Vemos, pois, que as formas e temas europeos non son extraños ó labor dos poetas galegos.

A guerra supuxo tamén en Galicia unha escisión. A emigración secular

convértese agora non só nun feito de penuria doméstica, senón nunha necesidade de seguridade política. E é lóxico que en Buenos Aires, materno desde hai tempo, naza un tipo de poesía social-solidaria coincidente coa surxida na literatura en lingua castelá da man de Crémer e Nora.

1122
1979
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

II

E así chegamos a Luis Seoane e o seu "Fardel do esiliado". En 1952 publica na Arxentina este libro. Ignora o que se está a escribir en España tralo silencio obrigado dos medos de postguerra, pro coincide cos poetas que aquí quedaron. A súa voz non chega a Galicia, onde temos que espera-lo berro de C.E. Ferreiro. Pro o seu labor precursor é innegable. O seu libro está ahí seguindo unha tradición lonxana, como unha primeira mostra, como un "alegato polo home, polo home galego, que é un xeito de que sexa polo home universal" como dí F. del Riego.

O libro é unha visión "do fenómeno colectivo da emigración, causada pola desanrraxada organización económica, polas persecucións políticas e os prexuícios sociais", como dí o autor na adicatoria.

E a emigración é unha empresa colectiva, como toda a historia galega, na que os seus herois son o pobo cos seus homes, non os Condes ou El-Rei.

E consecuente, pois, que o libro sexa un epopéico. A odisea dun pobo desterrado, visto colectivamente e a través das suas individualidades. Os poemas son longos, episódicos, mais narrativos ca líricos, mais perto da prosa ca do verso.

O esquema do libro ten certa unidade. Comenza cun poema escrito en primeira persoa: o poeta-pintor lembra cos seus ollos a, paisaxe lonxana, uns homes, unhas formas, a luz, a color desde a súa realidade en terra extraña.

E despois márcanse os momentos, os tempos da odisea:

A partida no poema "Dende o Highland Princess". O escritor desde o combés de terceira do barco que o arreda sente xuntos o pasado, o presente e o porvir, ó tempo que se abren ante él novas esperanzas.

Os taballos: A loita de Ramón Cernadas, poboador galego na Pampa arxentina, que deixou tras del unhas vidas de fame, martirizadas, asoballadas, aldraxadas, pra procurar unha terra farturenta e de seu, por que ocabo de 15 anos segue sendo allea. E ó final fica a morte pra o solitario poboador e a soledade pra as súas mulleres.

Ou no poema "A ponte de Brooklin" a empresa compartida con outros emigrantes doutras terras de cravar baixo un río xeado unha ponte de aceiro, a cambio dun magnífico salario, e das convulsións, da falta da ar, da locura...

Mais se cadara esta loita sexa inútil, xa que —outra vez o caso concreto e simbólico— Ramón Rodríguez Iglesias loita durante 33 anos pra conseguir un castelo en Galicia, castelo que xa tiña, porque, sin sabelo, tiña herdado.

A terra conquistada e feita a imaxen da lembranza lonxana, cos seus nomes, cos seus costumes e viciada por unha estrutura artificial: "emigrantes en calquera data" e "Cantiga aos emigrantes" cos seus catro cantos "picnic", "os emigrantes", "As forzas vivas", "as sociedades".

Como contrapunto podemos ver un único poema dedicado a xente que espera, "Un ollo soio", versos espléndidos que contan a historia da vella tía Medusa que toleou de moza recién casada, porque o seu home emigrou a América.

A volta do vello emigrante é o último poema que pecha o libro e o ciclo epopéico. No seu desterro teceu un muidiño tapiz nos seus soños, que quere revivir na auga límpida da fonte da súa mocidade.

Este é o libro, a grandes rasgos, que tes nas túas mans. Un grande mural pintado con verbas e lembranzas por Luís Seoane, onde os homes emigrantes de Galicia realizan a súa grande empresa: crea-lo mundo xusto que soñaron coas imáxenes recordadas da súa terra. Aínda que nesta ocasión, tamén sin éxito.

ANXEL TEIXEIRO
Presidente do Ateneo

N. B.- O «FARDEL» Aseméllase coa Segunda Edición revisada por Luís Seoane, e Editada por «Edicions do Castro».



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

luís seoane

fardel do esiliado

1952



ADICATORIA E CRIDA

Adico estes poemas a meus pais, emigrados, e a meus irmáns, coma eu fillos de emigrados.


O tema central que os xunta é a emigración; un teima permanente de Galicia intentando ofrecer ao público, aínda a traveso de algúns héroes anónimos, verdadeiros, Ramón Cernadas, Ramón Rodríguez Iglesias, á visión dun fenómeno colectivo galego, cuos motivos principais téñen de atopar, o técnico especializado, na desarranxada organización económica galega nas máis desvariadas épocas, nas persecucións políticas e nos prexuízos sociais. Os galegos viven dende fai séculos unha ficada anarquía civil, anterior mesmamente ao centralismo, consecuencia nefasta desa anarquía. Unha historia de Galicia, honradamente feita, non pode contar no seu haber con héroes isolados, cuas fazañas teñan de relatarse ó xeito de Carlyle, dos historiadores en xeral do século XIX, senón cos movementos colectivos realizados pol-o pobo galego a traveso do tempo pra ceibarse dos desvariados sistemas, políticos, económicos e sociais, que veñen humildándoo.

Na herexía de Prisciliano, nas loitas populares contra os bispos de Ourense e Lugo, nos combates da burguesía compostelán, na guerra dos Irmandiños contra o poder da nobreza e do clero, nas emigracións ó centro i-o sur da península, nos levantamentos liberáes do século XIX, nas loitas contra os invasores —xa fosen estes romanos, suevos, normandos, ingleses ou franceses— nas emigracións a América, a Oceanía, o verdadeiro

héroe de Galicia foi sempre o pobo galego. E os homes xurdidos dese pobo, Xohan Tourum, Maria Castaña, Ruy Xordo, Maria Pita, Sinforiano López por exemplo, ou os mártires de Carral, ou os milleiros de mártires bariles fusilados e paseados en 1936, e os que veñen caíndo dende entón, son en derradeiro termo os héroes, e non os famosos estremosos Condes do século XV como, ó xeito romántico, tratou de facernos creer unha historia de abondo aristocratizante.

As grandes acciós históricas galegas foron de carácter colectivo, cecáis deica hoxe como perduración das formas elementales da vida do medioevo. No traballo, na cantiga e na acción común atópase a característica, ó meu xuício máis importante, de Galicia —en moitas arrudas labours paisáns ou mariñeiras, na construción das catedrales e dos mosteiros, nas emigraciós aguzadas de canteiros e segadores, nas sociedades agrarias, nas sociedades mutualistas de América— e o seu pulo primeiro xurdiu sempre da necesidade económica.

Pol-a miña parte intentéi con estes poemas, de formas de propósito distintas, e onde creo que en ningún intre se agacha o pintor, desenrolar o tema dos emigrantes. Traballando encol dun tema coma sempre o fixeron os artistas de total-as épocas e desexando continuar sendo, como fun deica agora pintando i escribindo, un peón máis, aínda que isolado no traballo, na laboura colectiva pol-o rexurdimento da cultura galega.



O PINTOR ESILIADO


Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

*«¿Y cómo van a desterrarme entero,
si es mi cuerpo figura de tu polvo,
si mis huesos son barro de tus eras
y la sal de tu mar está en mi piel?»*

LORENZO VARELA

Ao pintar lembran seus ollos ensimesmados o ár
gris da lonxana montaña
o vento norte marmuriador cór de aceiro, as for-
mas das uces marteiradas, a braña,

as boullosas verdes carballeiras, os ríos, as lom-
bas azures encostadas
sobor dunhas viciosas terras, ocreas ou negras,
decote traballadas.

Aos homes e mulleres ollando, sen ver cecáis,
abalarse a dorna ca ondaxe
na mar, fronte ás bruidosas vagas, de costas ao
rudo paisaxe,

tratando de descubrir algun resto dos fadados paí-
ses de emigrados
após da liña do hourizonte, coma antigas estátuas
romanas barados.

Cando caviloso vai lixando co pincel a branca tea
de liño
ó seu acordo veñen as córes rosas da nenez, o
risco solermiño

dunha arredada imaxen familiar esquecida, dun labrego enrugado,
dunha xurdia leda muller que algún día viu traballar nun eirado,

levar un neno no colo, ou sobor do regazo ter froitas maduras,
depelcando frienta patacas ao quecer do lar, nas longas noitcidas,


ouvindo do chuchado avó as historias dos franceses, as léndas antigas,
ou dándolle ao chagado moinante tres mazorcas de millo e unhas migas.

Acarón dél está un picariño desguedellado que rilla unha mazán.
O lobo senlleiro oubea de fame no monte, e, cun peite de ouro na man,

unha fermosa fada loira peitea os alongados cabelos á entrada da cova.
Tamén veñen ao acordo do pintor o vello campaiño rinchón da corcova

e as abrotadas cabalgadas nos camiños que levan ás feiras e ás romerías,
cas ringeliras de eibados e de pedintes, de lonxevidos nas vesperías.

Na súa testa reméxense as formas, as lembranzas da lus e das córes da terra lonxana,
neste país desvariado ao da súa mocidade, onde vive unha realidade estrana.



José Díaz '81



errolán
para a cultura
n 1879
201, Ferrol
rolan.org

DENDE O HIGHLAND PRINCESS

Outono 1949



Atenco Ferrolán
Un lugar de encontro por sempre
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.atencoferrolan.org

*•Nos levarán las ondas no con bolsas repletas,
no con sacos de oro ni tanques ni aviones.
Nos levarán con lo que siempre llevamos:
un morral, un cayado y unas tablas de amor.▪*

J. MORENO VILLA

Dende o combés de terceira do Highland Princess
vexo a túa costa, Galicia. As rochas sobervas
do bruante, aceirado Finisterre, que fechan
os meus lares familiares que os avoengos deixa-
ron de protexer.

I-escoito as voces amaldizoadas dos téus car-
ceiros

e as gargalladas asesañas dos teus verdugos.

Cada vaga que se achega ao barco semella

o brazo irmán ergueito, de home ou de muller,
que ao xordo ceo desasperado esixe liberdade e
xusticia.

Decontado espiliron elas na miña lembranza,
feitos crudeles non contados aínda por ninguén,
feras verbas dende entón xamáis ditas nin escritas,
esquecidas historias de noxías desesperanzas an-
guriasas

que pol-a túa presenza voltan a miña memoria.

Vexo coma estadeas percorrer pol-o ár, en rin-
gleiras,

aos parentes próximos, aos amigos queridos, mor-
tos,

ou si vivos, somidos en espesas, mouras tebras,

e acarón deles sinto que se xunguiron pra sempre á miña vida pasada, o meu presente vivo e o meu porvir.

Ises mortos teceran no seu corazón, coma nós, xenerosas esperanzas pra todol-os homes, novos pensamentos, o mesmo que aqueles que, condenados ao silencio, aínda viven esquecidos nas túas témeras cárceres, agachados coma alimañas nas covas sobrosas dos montes ou atobados, arredados de sí mesmos, pol-as afastadas rúas.

Por iste vento gris que agora fostrega a miña faciana, o mesmo que fai marmuriar os teus boscos e as tuas catedrales, escoito ises claros, grandes, balbordos anceiosos que veñen do fondo das túas entranas, aleivosamente feridas, e isas longas risadas tolas, sombrizas coma oubeos.

Desagarimado saín da longa noite en que te sumiron, Galicia, e aínda sentindo orgulo da tua gloria popular, antiga, da tua terra verde xurdida do océano, das túas pedras venerables, volto cara un lonxano cabo do mundo, un país estrano, onde outros fillos teus, meus irmáns, erguen cidades, irmandados no traballo cos homes doutros pobos edosos,



Atenco Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Avda. Alameda, 202-204, Ferrol

www.atencoferrolan.org

a vagar esquecido e senlleiro entre as somas máis mestas.

Doorido, dende o combés deste barco, véxote debuzada ao mar.

Máis un día voltarei, derrubado e a vez afirmado pol-o tempo, en moitedume, con todol-os que erráneos coma eu andan espaxiados pol-o mundo.

RAMÓN CERNADAS

EU, RAMÓN CERNADAS, POBOADOR GALEGO

1780

Viaxando dende a raia, no interior / do poirento deserto, onde habita o indio Pampa / levounos dazasete andadas somidos nun inferno de calor / baixo un ceo decote azur, por unha terra enxoiada, tampa

dun fondo de océano, de herbas murchas. Chán recién nacido / con cantos adoados de mar, molimes, petrificados caramuxos, / ollamaos, arbustos arrastados pol-o chan, baixo un ardido / amaldizoado vento zonda que queima os retortos tarumuxos

e a pele dos homes, que destilado, aleivoso, adoece o siso / facendo que as testas estouren atricando o frevón; / ou pol-o xiado vento do sul que fai perder-o viso / do hourizonte que ven rasourando area, atraendo o torvón

ferindo e crebando os matos, alongando os cabedelos. / Facía máis de noventa días que saíramos da Galicia / deixando verdes soutos, terras labradas, os altorelos / do porto da Coruña, nun barco veleiro coma cortiza

prás careifas do océano, abalado pol-as vagas e pol-o vento, / pol-as correntes da iauga máis aínda que polos mareantes. / Após deixáramol-as casas de tellas bermellas, o cerramento / dunhas vidas de fame, marteiradas, aballoadas, aldraxantes

Camiño dunha vida distinta, dunha morte desvariada / viñamos eiquí, vindo a vivir, vivindo de moitos xeitos / e tamén en certa maneira, vindo a morrer nesta chاوزada / de moitas mortes iñoradas, ficando no camiño sen cadaleitos

mortos de súpeto sobor desta terra, sen cruz, sen viático, / sen familiares e sen veciños que fagan o planto pra xacer / con terra e ceo por sártego, baixo íste ceo enímático, / rodeados por caranchos buxéus que se véñen bastecer

da nosa carne apodrecida, aquecida, enxoiada pol-os ventos / até que os osos fican amarelos, blancos, roídos como as caaveiras / dos cabalos e das vacas, envoltidos en lama seca, arañentos, / mesmo, loirecidas pol-os anos, esquecidas de Deus, alcóntranse as oseiras.

Fatigados da noite, do pó e do camiño, namentras os carreteiros / cangaban as novas parellas de bois dispoñíamonos de día a folgar. / As carretas viñan carregadas cas mulleres, cos nenos berreiros, / cas vitallas cos aparellos de labranza e os efectos pra o lar,

e cas ferramentas dos carpinteiros, dos ferreiros, dos albaneles.

De día e de noite facían garda dunha a outra
banda da caravana / algúns poboadores cos sol-
dados do corpo de Blandengues. Eles / ás veces
falaban dos Pampas, do deserto, desta terra
plana

e tiñánnos ensinado a dormir ríspidamente no
chan sobor do recado, / a defendernos con feitizos
das cobras, da bicha da crus. Máis / os novos
poboados que viñamos falábamos dun país malfa-
dado, / sen perdon ou namoro, sen caridade, ao
que non voltaríamos xamáis.

O convoio detívose máis dunha vegada nas ba-
rreiras ou pra badear / os arrosos lamacentos. Os
carreiros arrenegando engadían entón / máis
bois ás tres parellas das carretas pra desenla-
mar. / Os guieiros brincaban a terra punxindo os
bois co aguillón,

apurrándoos dende unha a outra banda, incirrán-
doos, mergullándose / na iauga deica os cadrís,
bezando aos berros ao gando, ás bestas, / agu-
lloándoos nas costas. No interior da carreta despei-
tándose / os cás ladraban as somas, ao ceo, eo
abanamento das lestras.

No camiño ollábam os mouchos, cos seus
redondo fixos ollos / pousados nos cabos dos xun-
cos, ou sobor dos matos enanos, / e as mulitas.

as vizcachas, as lebres corrían antre os abrollos /
ao paso vagaroso do convoio. Nós cantábamos
cantigas e faos

Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Calle de la Iglesia 202 204, Ferrol
www.ferrolan.org

da lonxana terra. Por vez primeira dende o día pri-
meiro da creación / cecáis nestes eidos escoitá-
base a voz do home europeo crebando / o silencio,
desafiando a impasibilidade do ceo, percurando
protección / contra a soidade desta terra núa, que
ibámos fecundar arando.

Pol-o sol detíñamol-as carretas. Facíamol-o ca-
miño / de noite de acordo cos baquianos pol-a
canseira do calor. En dúas ringleiras / arranxá-
mol-as carretas pra defensa dos ataques indios en
torveliño, / en malones ques teñen nicado, cruen-
tos, macabros, caravanas enteiras.

Todos éramos labregos. Eu, esposo, pai, Ramón Cernadas, / traía conmigo a miña muller, María Fernández, aos tres fillos, / Xosé, María Rosa, María Pepa, que viñamos de lonxe aosadas / a por terras ceibes de sementar, suxetas ao Virrei e aos caudillos.

que gobernaban Buenos Aires en nome do Rei. Unha légoa / por dúas centas varas de fronte de terra de panlevar. / A primeira terra soio nosa, tal era o prometimento da coroa / pros labregos galegos que viñamos ao Río de la Plata a poboar

e labrar este chan. Dende os boscos e o mar da Galicia, / cara a veira do Arroyo Dulce, perto da Horqueta de Roxas, / lonxe da garimosa choiva, pra comprir coa lediña cobiza / dunha terra propia, farturenta, que finara coas congoxas

dunha vida astrosa, de farrapos, de chirles, de lixaduras, / como a que tiñamos padescido. Ibámos por unha terra valeira. / Os teros e os chajás alcaiotaban a nosa presenza por escuras / barranqueiras fecundas onde os poboadores feríamol-a sementeira.

Somos eiquí —cavilamos— os primeiros labregos. Traemol-o arado / a semente e o oficio pra ista senlleira, núa, terra asollada. / Traguemos con

nosco a lenda, a saudade, a canción, o caxado / do pastor, a vontade maina do paisán, a resprandecente luzada

pra ístes campos virxes onde nascerán os bidueiros xigantos, / o trigo, o pan dourado, o millo, o liño azur e crecerà o gando. / Cuasi nengún de nós tivese querido voltar. Deixámol-os prantos / pol-a alda abandonada, pol-as antigas costumes, por calquera blahdo

motivo sentimental. Algúns poucos malpocados tivesen desexado virar / pol-as fames coñecidas, coma os cabalos que, apegados á terra na cal / tiñan nacido, voltaban a ela até o hourizonte, crebando o ár / a fuxir en riolada dende o convoio onde viñan, galopando pol-o val.

Ao remate nas terras que tiñamos de traballar erguíase a énsiña da pulpería / unha sinal axeitada chameante, no cabo dunha pértega de tacuara. / Descarregámol-as carretas. Cada un de nós poboadores enquería / pol-a terra de labrar que o Rei por gracia lle tiña asiñado, cara

a fronteira do indio onde escomezamos despóis, axiña, a abrir regos, / sementar, co fusil as costas por temor do indio, fillo, dín, do sol / que asalta os eidos, atobándose apegado nos pescozos árdegos / dos cabalos, cautivando mulleres, nenos, matando, sen outro prol.

Ficamos de cabo no deserto, en terra prometida, onde chegaba / pol-o dito, El-Tiro-Del-Cañón-De-Los-Fuertes-De-La-Campaña / co fusil ao lombo. Dixeron: «Ganaredes terra onde seredes señores» / arando, ganando a terra por contrato servil co Rei de Hespaña.

Cañón
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
www.cañon.org

EU, RAMÓN CERNADAS, ANOS DESPOIS

1795

¡Eiquí estou eu, Ramón Cernadas Senlleiro, antigo poboador!
Ergueitos os bidueiros xigantes, a pataca, o trigo e a flor.

Por todas-as partes ao rodeo o ceo, a terra virxen que sementei.
Acarón os netos criollos nacidos na terra oferecida pol-o Rei.

¡Eiquí estou, estamos, desagarimados os poboadores galegos!
nestas chacras, cárceres de namoros, traballadas sen sosegos.

Suxetos, Deus, aínda ao pillaxe cruel dos invasores Pampas
teñen de sére, hoxe xardís de feitizos pra nós, logo campas.

Obrigados por arteiros mandados do Virrei do Río de la Plata
esta terra non terá deser nosa, senón pra tristeira burata.

Non podemos cambiar de lugar de traballo, de sonos e de estada.
Nonos dan tídoos de propiedades. O Virrei fíxonos unha raposada.

Siquera podemos cambiar de clase, deixar de sere cans labradores
porque en Buenos Aires estorba ao Virrei e tamén aos señores.

110.001
pública cultura
fundado en 1879
Rúa Magdalena 205-201, Ferrol
www.ferrolan.org

Con persoas de clase distinta os nosos fillos non poden casar
eles están obrigados a xuntarse, gafos, con viles de noso par.

Non podemos facer ren, sin outorgamento favorable do señor Virrei.
As terras, laboradas pol-os labregos engaiolados, lévanas sen lei.

Ren é noso de todo aquilo que fixemos. Non há lugar a recramos,
pol-o gando criado, os boscos plantados, a terra que fertilizamos.

¡Eiquí estou eu, Senlleiro Ramón Cernadas, poboador delucido
sin que na terra, no ceo, Deus, Rei, ninguén, escoite meu laído!

EIQÚ MORREU RAMÓN CERNADAS

¿1800?

Unha negra crus abaixada pol-o vento
a cova sinala onde xace Ramón Cernadas
nun longo silencio, pra sempre esquecido
no poirento deserto. Nestas xuncadas
unha negra crus abaixada pol-o vento.

Onde tantos sonos soterrou a morte
nútrense as alimañas, as herbas, a bicha
que en círculo aniñase o arredor da crus.
Salaian os marmurios nesta guicha
onde tantos sonos soterrou a morte.

Medraron no enxoiro pó algúns cardos,
os tecidos alongaron as arás precavidas
e dende as tenebras do interior da cova
xurden os vermes. A beira das semidas
medraron no enxoiro pó algúns cardos.

Veleiquí acouga un poboador enganado
sen nome na crus, sen sona, sen tídoos.
Os seus traballan aínda a mesma terra
cuasi sen espranzas, soios, escarnecidos.
Veleiquí acouga un poboador enganado.

Non teñen, non, ledas canciós pra cantar
esquecéronas na loita co malón alén do forte,
co traballo arreo, os caudillos de Buenos Aires
cas leises do Virrei, o sol, o vento, a morte.
Non teñen, non, ledas canciós pra cantar.

Aínda era cuasi onte cando todos soñaban
nunha vida mellor, nunha terra ceibe, deles,
laborada á lus do sol, da lúa, das estrelas,
semeados, sí, os árbores e os chuchameles.
Aínda era cuasi onte cando todos soñaban.

Moi lonxe, na outra banda de toda a mar
tiña nascido o soño, coa anguria da fame,
de emigrar ás terras virxes da América
nas que engaiolados agora sufrían vexame.
Moi lonxe, na outra banda de toda a mar.

Nengún salouco mágoa os fortes peitos
Ramón Cernadas eiquí fica xa folgando.
A muller, as fillas, non teñen tempo a chorar,
traballan a terra, sementan, coidan o gando,
nengún salouco mágoa os fortes peitos.

A tomba gárdana os paxáros de rapiña.
A terra primeiro desexada, logo teimada,
xa non pesa sobor da carne podre, dos osos,
da caaveira que na area foi soterrada.
A tomba gárdana os paxáros de rapiña.

Se petásedes agora á porta da casa
soio vos responderían voces de mulleres,
o fillo soldado badía pol-o deserto,
e na Chacra-De-Las-Gallegas fanse afères.
Se petásedes agora á porta da casa.

Próximo está, sí, o día da liberdade
e os poboadores achegaranse aos soldados,
contra o engano, o Virrei, o Rei de España,
pol-os bidueiros xigantos, os eidos sementados.
Próximo está, sí, o día da liberdade.

Máis neste país de tantos desenganos
próximo está, sí, o día da liberdade.

A PONTE DE BROOKLYN

Derradeiro terzo do século XIX

Necesitábanse pra traballar homes rexos na ponte de Brooklyn. Con unha soldada de sete dólares por dúas horas de carrexos de entullos. Soio dúas horas cada xornada no interior dunha campá de ferro, asentada no fondo lamento do río, con ár comprimido arredando entrase a iauga na cavada. A ponte facía Brooklyn a Manhattan cinguido.

Pasábamos pol-a cámara de comprensión denantes de entrar na campá de ferro, vaseira onde despechaban as chaves do ár. Centilación que facía doer os ouvidos naquela rateira, que tapábamos pra que non estoupasen coa estraleira, coma a moitos aconteceulles e coa presión do ár. A campá era enorme, nescesaría coma buqueira pra poder os cimentos do ponte de Brooklyn escavar.

Traballábamos silenciosos, espidos deica os cós coas pás, as eixadas e coas picarañas, amuados, gotexando suor, escorrendo na lama, nos terrós, caíndonos na iauga xiada do río, enlameirados. A door facíanos estourar as testas, máis esmaceados axuntábamos moreas de terra, de aréa, de pedras. Folgábamos cada dez minutos, e voltábamos ou-sados ao traballo pra ponte de Brooklyn, sen arredras.

Podíamos ficar pra sempre tolleitos e tamén morrer

coma aconteceulle no noso equipo ao compañeiro escocés Kirkland sin que o poidésemos acorrer. Foi cando saíu depresa ó deixar a campá dianteiro. Cafu logo no chan. Estoreceuse nun marterio, engroñouse, rebulindo corpo, pernas e brazos, alagándose en escumas e sangue. O extranxeiro deixou na ponte de Brooklyn os derradeiros azos.

Resistín ese traballo vinte xornadas, dúas horas cada día na campá pechado. Perdín o ouvido nos vinte días. Aosadas ganei cento-coarenta-dólares. Deixéino traballado pol-a frebe, pol-as dóores, xordo, escuallado. Alguén dixo: ¡Ouh, cantos rexos emigrantes sofridos fican pra sempre baixo as correntes deste río marrelado, a grande ponte de Brooklyn, orgulo dos Estados Unidos!

Esta ponte de aceiro enlevado sobor de New York, ten millas de roscas, de parafusos, de aceiros. Érguese sobor do xiado East River esta maior ponte, dín, do mundo, costruído por extranxeiros emigrantes de Europa. Algús galegos senlleiros traballamos nél. Un traballo, decían, ben pagado. Cento-corenta-dólares. Por uns días fumos buceiros pra ponte de Brooklyn feito sobor do río abafado.


Un traballo que ninguén resistía un mes, moi ben pagado, disque, sete dólares a cotío, unha grande soldada, sete dólares por ves,

se acadábamnos esquivar a convulsión, o arrepío
producido pol-a falta de ár, pol-o noxío
que podía facernos inútiles pra toda a vida.
¡Era un grande traballo o traballo doentío
da ponte de Brooklyn, baixo a campá descida!

[Faint, illegible text, likely bleed-through from the reverse side of the page.]



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
ateneoferrolan.org





UN OLLO SOIO

Arca. Segunda decena deste século

A vella peideira, cherepa, ladra, leva na faldriqueira
figas e naipes marcados que lle bendicíu a freira.

Ruda e pedras-corbinas garda no queipo pra marchantear,
e auga do paxáro. Nos beizos apodrecidos leva ditos pra bourear.

Meiga chuchona. Fala moi quediño, raposa, sin alizarse.
Mala pega, lumia, fai aos veciños rifar e abufinarse.

Os solteiros i-ós casados coida de alcovitar i encerellar
e non hai amores mozos que non trate de golellar.

Da saia fedenta, bermella, cólganlle cagallas e cinascos
De lonxe os rapaces guíndanlle pedras. Moqueáanse e fanlle chascos.

Ten sona, a vella bagaxa, de loba, de saudadora.
Póren algúns procúrana pra namoros torvos, coma ragadora.

Os veciños fanse cruces da vella araña, nariguda, malina,
e tápanse as narices pol-o cheiro da meiga farrapa, sovina.

Ríse a vella cotrosa. Arrota. Amostra ó rir un soio dente.

Vira as cachas. Ensina o cú. Enfeitiza con oracións arditosamente.

Na cavéira, no medio da cornadura, ten un ollo soio.


Bota mal de ollos. Maldice. O ollo é duro e frío coma un croio.

Na aldea dín que a vella tía Medusa de recién casada toleóu.

Cando moza belida, fai moitos anos, o home pra América emigróu.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



EMIGRANTES NUNHA DATA CALQUERA

Centro Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.centroferrolan.org

De alá saímos os senlleiros, os inadatados,
os condenados inxustamente, os que procuran o
pan,
os xogadores, os perseguidos, os arrichados,
tamén o xusto, o argalleiro, o luxurioso, o san,
e as ponlas frorescentes dos linaxes abafados.

O vento empurrou as barcas dos emigrantes na
mar
cara éstas grises lonxanas cibdades de engano
feitas de presa, de aceiro, de cemento, sen ár,
por almas lixadas de números, de ouro estrano,
enxoiatas pol-o despoxo i-o constante trafegar.

Ergueitas pra vender e mercar por neicios homes
adoecidos
de operaciós aritméticas, de crecidos tantos por
centos,
que viven e gouzan esquecidos dos escoloridos
irmáns sen éisito nen fortuna. Dos agoirentos
que soñan deslouvados, isolados pol-as rúas, amo-
rridos,

vivendo antre tendas, máquinas, trátego, desco-
rados,
húmidos de suor, envoltos pol-o fume do carbón
das fábricas ergueitas pol-os homes de empresa,
cugulados
de mercadorías, que ergueron a estátua ao patrón
no centro mesmo da cibdade pra exemplo de ou-
sados.

Apiñoados pol-as rúas, nos suterráneos, da cór
lourida dos osos, amarelo máis ben das caaveiras,
axúntanse uns cos outros, empezándose, por mor
da puntualidade no emprego. Sempre ás carreiras
nestas cidades comerciaes, patrias da cubiza,
sen amor.

Eiquí viñemos todos ó acaso, vivendo esgazados
das costumes coñecidas, do acento común, da can-
ción
labrada pol-os avoengos e o tempo. Vivendo mu-
dados
nunha xeografía difrente, pol-os negocios, a corru-
ción,
que da terra de orixen farannos cicáis pra sempre
desleigados.




Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magalena 202-204, Ferrol

www.ateneoferrolan.org



CANTIGA AOS EMIGRANTES

PIC-NIC


Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Olla, si ruadeiro badías pol-as hoxe calmas rúas
ou camiñas pol-a beira lamacentá do Río de la
Plata:

E un aballoado domingo de xaneiro, ardente e hú-
medo,
día de foliada pra os máis, ou de pic-nic coma dín,
en Olivos, San Isidro, nas baixadas de Belgrano,
ao sur en Quilmes
ou noutros pobos do longo enfastioso Gran Bue-
nos Aires,
baixo un ceo de sesta, quedo e cuasi blanco;
perto do río broslado de salgueiros pingós medra-
dos na auga
axúntanse en campós, de metros cuadrados de pó
costusos,
acoutados de aramio, sen perdón a tanto a entrada,
os asociados das trescentas e máis sociedades de
emigrados.

Viñeron moitos deles en camiós de carga dende
o centro da cidade
i en algús destes veu soando a gaita, con lizgairo
estrondo
os moinos durmintes espilindo. Ao soído do an-
tigo paisán instrumento
axuntábanse os ledos alalás e o forte bater de
mans.

A filla donairoza daqueles, que estuda inglés,
baila,
ao son do programa especial bailábel da radio,
co fillo gasalleiro destes, que estuda comercial.


Galicia está lonxe. Mais os nomes das súas parro-
quias e das súas comarcas
osténtanse coma divisas medioevaes penduradas
dos aramios.

Bailando conxuran a tristeira da América
onde a Vía Láctea, menos escintilante, non leva
deica algures,
e as mozas non enfeitan os cabelos con grinaldas.
Estas non son as terras de adaxe quelle promete-
ron
e moito teñen de esquecer rindo e bailando antre
o pó e o vento.

Pouca gloria merecen aqueles que adrolaron a
tanto inxénuo mozo.



Atenco Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 203-201, Ferrol
www.atencoferrolan.org



OS EMIGRANTES

E lús, un día hoxe de traballo coma todol-os que seguen, mesmo o sábado ao meridiá.
 Aquel que fica alí, ten un obradoiro de carpintaría cun aparello de radio pra se distrair,
 iste outro ten un taxi cun zapatiño do neto pendurado no parabrisas
 e un pequeno relevo de San Cristobo acarón do retrato de Gardel,
 aquel conduce sobervoso un tranvía, ou un ómnibus, non sei ben.
 Eiquí están, o mozo encorpado dunha empresa de mudanzas,
 e iste que ten unha pequena tenda onde aforra papel moeda sobor papel moeda.
 Todos son obreiros ou pequenos comerciantes.
 Traballadores que soñaron unha vida desvariada,
 —América é un continente co chan de ouro afirmaron os xornáes—
 máis que non atoparon aínda na realidade o escintileo do seu soño.
 Uns poucos, con máis abelencia, chegaron a ter grandes adaxes
 e comercios e industrias con unha rede de sucursáes, mozas loiras e medias nylon.
 Algús outros, moitos máis, son os donos de «El Tambre», «La Coruñesa», «El Miño Azul», cafés e restaurantes nomeados pol-a morriña.
 Ou chegaron a construír unha casa de adobe no centro dunha pequena chacra na soidade deshumán, soalleira, da pampa.

Traballan heroicamente, de médicos ou de cami-
neiros, ao pés dos Andes,
cabalgan as grandes planuras ou os matos sobro-
sos do Chaco,
somidos nun calor abafado de inferno,
antre as aguzadas veninosas yararas,
e os alacrás, as escalopendras, as carrachas,
as entupidas nubes de mosquitos;
ou no extremo sur, antre a neve e o vento,
na areosa terra de alongados cabedelos e caramu-
xos petrificados da Patagonia;
en Tierra del Fuego onde queima o vento sieiro.
Son obreiros do petróleo en Comodoro Rivadavia,
caseteiros e mariñeiros na longa costa arxentina.
Tamén rufos baleeiros e destros cazadores de
focas.

Eiquí están mesmamente duas vellas.
Ista foupeira e arrufada é de Lalín. Vende lotería
pol-os cafés e restaurantes de San Telmo.
Isa outra vende frores pol-a noite, violas e pensa-
mentos, nos arredores de Florida e Lavalle.
E de Mondoñedo i é unha vella triste e dengueira.

En moitas cibdades americans hai unha rúa Ga-
licia:
En Buenos Aires, en Montevideo, en La Habana,
en Avellaneda...
Son rúas homildosas de bairros obreiros, con
casas sinxelas,
un patio ao centro e unha xaula con paxáros e
testos con plantas,
grandes fábricas de pequenas fenestras e árbores
nas vereas.
Os nomes destas rúas non son lembranza de nin-
gún feito de armas, de nengunha guerra,

tampouco son adicados a nengún outo Rei Breo-
gán que tivese sido guieiro mitolóxico de emi-
grantes,
senón homaxe destes pobos aos traballadores ga-
legos.

Ao feito heróico que a cotío realizan a criada,
sí, a criada que estende as nosas antigas e
honradas costumes,
o chófer, o ferreiro, o tecelán, o almaceneiro de
cada rúa —que molla o lápis coa língoa pra
seitar nas libredas as débedas dos veciños—.
Ao vello paxareiro que levaba migallas a súas ami-
gas as pombas na Avenida Costanera.
Aos labregos, aos mariñeiros, a todol-os centos
de miles, aos millós de galegos
que dende outros séculos axudaron a facer este
país e os outros países americanos.
A eles foron adicados os nomes Galicia desas
rúas ,
á súa maina saudosa invasión.
Ao traballo duro feito competindo no amor ao
mestér cos emigrantes de total-as outras cas-
tas:
brancos, amarelos, negros, xentes de apelidos es-
tranos,
confrontándose con eles nas duras labouras da
terra e da mar.
Galicia pol-os emigrantes engrandeceuse e alon-
gouse no mundo,
en Portugal, en Centroamérica, nas Filipinas,
en New York onde viven baixo a ponte de Broo-
klyn,
en América do Sur, na mar, nos peiraos de Lon-
dres.
Máis, alá as autoridades endexamáis souperon
ben deles,

tansiquera lles fixeron nengún homaxe
pois teimaban de facerllo aos traballadores
aínda que estes fosen emigrados e pertenescesen
a sindicatos lonxanos.


Eisiste ás portas mesmas de Buenos Aires unha
Villa Galicia,
aínda de casas de latas, de cans vagamundos e
vizosos limoeiros,
onde viven iugoslavos, italiás, turcos, xudéus,
irmandados cos galegos nunha mesma arela de
traballadores.

Eiquí hay un Puerto Gallegos, e un Río Gallegos,
que lembran o orixen de moitos mareantes,
e rúas en cada cibdade nomeadas con apelidos
galegos, con dondas verbas galegas,
e pobos antre o pó, no deserto, soalleiros, que se
chaman Ourense e Pontevedra.

E, no día de San Xoan alcéndense fogueiras nos
arrabaldes
e noutros días véndense rosquillas polas rúas de
istas cibdades.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



AS FORZAS VIVAS

Máis hoxe, alá na terra de orixen, as forzas vivas
 están entretidas de abondo
 en limpal-os supostos blasós e os zapatos,
 en orgaizar batallós de vellos tafules e bofañeiros,
 choqueiradas de babós e rixosos,
 Caballeros de La Coruña, Caballeros de Santiago,
 Caballeros de cada cibdade,
 armados cabaleiros pol-o arrecadador de impostos,
 pol-os mestres de armas dos Bancos,
 delatores de xenerosos homes do pobo.
 Agoiros da morte, adicados ao encalzo de irmáns,
 que xa fixeron Santo ao cruel sádeco Conde
 de Camiña.

Preas afeizoadas de matachís.
 Espantallos prebosos á soma das catedrales,
 Pol-as rúas de outos soportaes, antre as pedras
 venerábels dos antigos pazos con escudos de
 casta e fenestras oxivaes;
 pol-as corredoiras das fumegantes aldeas de lim-
 po ár, terras labradas e boscos sobrosos;
 pol-as vilas da costa do treboso mar, sártego de
 mareantes destemidos
 e dos primeiros avoengos nosos os das cibdades
 afondadas da enimática Atlántida.
 Entretidas en orgaizar os bailes .provinciás dos
 casiños,
 onde se estarrica fachendoso e neicio, o Fidalgo
 Eu Descendo do Rei Capón,
 Cabaleiro de Sant-lago que marchantea máquinas
 de escribir

e que as señoritas Robaliza, Cuxa, Troita, Ran,
arroupadas de cartos, consideran pol-o tídoo mes-
mamente, un bó partido.

Dende os cales casiños tratan de rexer o país,
e tamén de adeministrar o ceo —pra eles Deus
é tralla, lanza-chamas—,

os señoritos Fillo de Papá, Preguizoso, Tídoos Per-
didos, Cartos a Moreas,

o cadeirádego alleo a Galicia, que arrenega da súa
choiva, señor Esquencime de Todo,

o ricaz señor Cobra Moitos Foros, pedroperesco
o desdenoso,

e o Coronel arredado e viudo Chanfallo Metemedo
que é presidente por este ano.

Aquel asentado nunha cadeira oufaniosa renaci-
mento,

cun labrado Don Quixote no encosto que faille
cóchegas no lomo,

é o axente de embarques Don Arteiro Adrólá Pro-
bes.

Tamén están entretidas as forzas vivas, nos ho-
maxes a cotío á Guardia Civil

e máis inocentemente distraídas nos paseios cur-
sis de sete a nove,

onde eles i elas alangreadamente óllanse o vól-
tanse a ollar.

No intre en que nas aforas poeirentas de cada
cidade

malfadadas mulleres envoltas en longos mantos
mouros,

como as Doorosas medioevaes dos cruceiros de
pedra aldeáns,

teñen no colo os cadavres dos homes xustos,
ceibes, asesñados.

Antonio Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
1993-2011, ferrol
@ferrolan.org

Na hora fixa en que comenzan a croaxar os sapos
e a chillar os mórcegos.

E hoxe ren máis.

IV
AS SOCIEDADES

É sábado. Mesmamente de sete a nove, a hora dos paseios nas vilas galegas, ou de sete a dez, ou de nove a dúas, axúntanse os trescentos e máis presidentes, segredarios, tesoureiros, e outros dereitivos, das trescentas e máis sociedades de emigrados desta cidade.

En xeral presídeos a fotografía de un ex-presidente meritorio de longo bigode de guías e gravata con alfinete de ouro.

- O vocal primeiro pediu a verba pra informar.
- O vocal terceiro planteoulle unha custión cabida.
- O vocal segundo, home executivo, abúraos e fala moi pouco.
- O vocal cuarto non está presente. Foi un erro nomealo.
- O vocal quinto, que asinte amabelmente coa testa, vota en contra.

Trátase de orgaizar un novo pic-nic no Gran Buenos Aires pra arrecadar fondos, ou crear un coro, ou facer unha ponte, ou erguer unha escola, ou abrir un novo camiño na aldea lonxana. Eles saben a lenta pacencia que custa orgaizar, e todo é necesario conversalo, contando falar, por sí convén, do que si cadra non se coñece. Non importa. Xa que todo deben facelo todos pra que sexa de todos.

Trátase de crear unha sociedade, de millorar as condicións sociaes e polítecias da Galicia.

Nun punto en que na Galicia non se trata da Galicia.


Trátaase, afirmase na acta, de poñerlle áas a un soño aldeán pra que voe. Tamén de axuda mútua o de benfacer aos caídos, o home non pode ficar soio, porque iste mundo american non é perfeto, como nono é o europeo de onde sairon, e non é xusto que cada home se valla a sí mesmo.

Trátase de trocar Galicia, e si se pode aínda algunha outra parte do mundo, pra facela xusta e xenerosa como todol-a soñamos. Non se trata de poñerlle remendos á vella e desencaixada Galicia, senón de erguer unha Galicia feita a imaxen do soño de todos. e tamén de aqueles tantos milleiros de emigrantes que foron soterrados pra sempre nos Panteós Sociaes dos camposantos de moitas cidades americans.

BUILDING CASTLES IN SPAIN

En New York morreu fracasado, trinta e tres anos
de América, Ramón Rodríguez Iglesias
que tiña traballado todos ises anos no porto da
cidade,
na colleita de mazáns en California
nas minas de Pensilvania
na sega do trigo en Minnesota
indo de un Estado a outro soñando, asentado cas
pernas afora, nas portas dos vagós de carga
dos ferrocarrís
pra ter, era seu soño, un castelo ergueito sobor
rochas cobertas de argazos, de percebes, de
patélas, de nécoras,
sobor dunha mar fonda, de pulpos pretos,
na costa atlántica galega.
Un castelo cavilaba envolto en cincentas névoas
e outas vagas
e que, sen sabelo, Ramón Rodríguez Iglesias tiña
herdado facía moitos anos.

Cando morreu, ao seu sobriño desconocido, Dal-
macio da Cruña,
quedáronlle do tío de América uns poucos dólares
e tamén o castelo ergueito sobor de rochas, bro-
lado de escumas da mar,
que o tío americano tiña soñado
nas miñas de Pensilvania, no porto de New York,
nos trigaes de Minnesota, nos pomareiros de
California.



VOLTA DO VELLO EMIGRANTE

Tapiz

Voltando, a facer veu realidade o garimoso soño
de non morrer lonxe sen ollar novamente
os montes, o mar, os boscos da Terra. O lene
soño feito pol-os anos misericordia labrada,
ou tapiz paseniñamente dibuxado, cando
mergurado folgaba nas saudosas longas vixilias.
A procurar veu a auga crara da fonte da moce-
dade.

Sobor dun chan abondado de herbas e feitos
tecera o vello no seu soño, ou labrara, os perfíles
dos souríles lagartos de luxoso verde, as buligas
nervosas das bichas da cór das follas murchas
ou gris aceiradas, os besbellos ledos e satisfeitos,
os cantores grilos, os tremelucantes cabaliños do
demo,
acarón da auga crara da fonte da mocidade.

Dibuxara ou tecera a defíada e senlleira tounpa,
as denosiñas e as martas frientas, de vizosas pe-
les,

o arroutado porco montés que tén a escura cova
nos boscos sobrosos, o medoñento aturdido coello,
a aguzada lebre, basta Dona rabecha da toxeira.
E as aves: o peto, o corvo, a laberca, a rula,
por enriba da auga crara da fonte da mocidade.

Grabara, dibuxara, outros animaes, o can, a besta,
e tamén moitas aves baixando donairosas do ceo.

En soños tecera o vello ou grabara os accidentes
do chan,
os prados, as corredeiras. Acarón da ponte do río
dibuxara os bidueiros, e no río as sotiles troitas.
Tamén tecera os carballos, os castaños, os froi-
tales
ao fondo da auga crara da fonte da mocidade.

Non grabara, tecera ou dibuxara o vello emigrante,
homes nin mulleres isolados, senón moitedumes
deles en traballos e foliadas. Nengunha faciana
lembrara de home ou muller, senón soio a paisaxe
que facíalle esquecer o xesto familiar desvariado.
Endemáis o vello emigrante soñou os montes, o ár,
e a auga limpa, crara, da fonte da mocidade.

O redor da fonte nos moitos anos o soño tecera
total-as saudades do vello emigrante. Lembrábase
axioanllado de neno, as meixelas mollando e a
fronte,
enchendo a boca de auga e arrepiando aos áxiles
cágados.

A fontenla estaba á soma da ponte, na cima das
xunqueiras,
e cara a ela iba agora o vello emigrante, a curar
as doenzas
ca auga lembrada, tecida en soños, da fonte da
mocidade.

EPILOGO

Tencionábamos abrir con estas liñas á obra de Luis Seoane "O Fardel do Esiliado", a disposición da Xunta Directiva do Ateneo Ferrolán de ofrecer os seus socios unha publicación que fora coincidente coa celebración do "Día das Letras Galegas" e á vez darlle continuidade ó éxito notorio acadado o ano anterior coa presentación do "Cuaderno Ateneo". Diversos motivos impediron esa coincidencia, pro hoxe é unha realidade que desexamos teña boa acollida entre os socios do Ateneo, e nos galegos en xeral.

¿Por qué a edición do "Fardel do Esiliado" no "Cuaderno Ateneo"? Hai unha dobre finalidade. A de divulgar e honrar ós nosos poetas e artistas da diáspora, da Galicia preteridá. E a de recuperar a nosa memoria colectiva que pasa ineludiblemente polos artistas, poetas e literatos que en terras americanas lograron que Galicia non tivera esa longa noite. Son eles os que se vencellan coas corrientes máis vanguardistas da arte e da poesía, sendo Lorenzo Varela e mais Emilio Pita con Seoane, os primeiros en facer a poesía social da posguerra.

Pra levar adiante a divulgación desta importante obra épica de Luis Seoane, poñémonos en conversa con Maruxa Fernández de Seoane que xenerosamente nos ofrece a autorización prá súa edición, así como con Isaac Díaz Pardo, editor da súa obra.

Non podíamos esquecer as dificultades económicas que atoparíamos prá edición da obra, sin gravar a precaria economía do Ateneo. Por este motivo a Directiva do Ateneo mantén diversas xuntanzas cos deputados ferroláns Nona Inés Vilariño e Fernando Blanco, a quen facemos partícipes do proxecto, en beneficio da nosa comunidade ferrolá. Eles asúmeno e inician co maior interés as xestións ante Enrique Marfany, Presidente da Diputación Provincial, con quen temos dúas xuntanzas, presentándolle a maqueta do "Cuaderno Ateneo" polo que manifesta o seu interés e total apoio pra que hoxe sexa unha realidade.

Queremos, finalmente, agradecer a todos eles a indispensable colaboración prestada, así como á Comisión de Cultura da Diputación e particularmente ó secretario da mesma, ós pintores galegos Acisclo Manzano, Luis Caruncho, Xosé Díaz, Xoán Braxe Rei e Isaac Díaz Pardo.

A XUNTA DIRECTIVA
outono 1981

LUIS SEOANE

NOTAS BIOGRAFICAS

- 1910.— Nasce en Bos Aires, fillo de emigrantes galegos.
1929.— Fal a súa primeira exposición en Santiago, onde estudiara o bachillerato e a carreira de Dereito.
1930.— Colabora nas revistas "O Guión" e "Yunque", de Lugo, dirixida esta por Anxel Fole.
1933.— Cofundador e codirector do semanario "Claridad".
1936.— Embarca a fins do ano en Lisboa pra Bos Aires.
1939.— E nomeado director da Revista "Galicia" do Centro galego de Bos Aires.
1943.— Funda con Lorenzo Varela e Arturo Cuadrado o quincenario "Correo literario".
1944.— Funda, con Arturo Cuadrado, a editorial Nova.
1952.— Publica en Bos Aires "Fardel do esillado", do que escribiu Ramón Piñeiro: "quedará nas nosas letras como o primeiro grande intento de cantar dignamente a enorme e penosa epopeia anónima da emigración".
1954.— Funda a revista "Galicia emigrante".
1956.— Funda a editorial "Citania" de libros galegos.
1958.— Co gallo da exposición de Maside no Centro lucense de Bos Aires, publica o pequeno traballo "Maside grabador", medalla de prata na exposición universal de Bruselas, medalla do Senado de la nación argentina.
1959.— A editorial Citania edita as "Cicatrices", poemas ilustrados con grabados en madeira.
1966.— Publica "Valle-Inclán y su conducta política", na revista do departamento de Letras da Universidade da Plata.
1969.— Publica o libro "Castelao artista".
1972.— Edita "A maior abundamento", poemas en Ediclós Cuco Rei.
1973.— Na editorial Galaxia de Vigo, publica "Comunicacións mesturadas".
1974.— Publica "Arte mural, la ilustración", na editorial Sudamericana, en Bos Aires.
1979.— O 5 de Abril morre na Coruña.

índice

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Presentación	3
Limiar	6
Fardel do esiliado	11
Adicatoria e crida	13
O Pintor esiliado	15
Dende o Highland Princess	17
Ramón Cernadas	20
Eu, Ramón Cernadas. Anos despóis 1795	26
Eiquí morreu Cernadas ¿1800?	28
A Ponte de Brooklyn	30
Un ollo soio	33
Emigrantes unha data calquera	35
Cantiga aos emigrantes	37
Os emigrantes	39
As forzas vivas	43
As sociedades	46
Building Castles in Spain	48
Volta do vello emigrante	49
Epílogo	51
Luis Seoane. Notas biográficas	52



Ateneo Ferrolán

Un lugar de encontro para a cultura

Fundado en 1879

Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

www.ateneoferrolan.org

patrocinado pola
Excma. Diputación
Provincial da Coruña

